



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 414/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE AGOSTO DE 2018.

- 1.- Ratificación da urxencia.

#### DEPORTES

- 2.- Expediente de contratación do servizo técnico docente para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do Programa de Ximnasia para persoas maiores. Expte. 17091/333.

#### EMPREGO

- 3.- Proposta de aceptación da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2018/51-5. Expte. 15629/77.

#### IGUALDADE

- 4.- Expediente de contratación dos servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo. Expte. 8398/224.
- 5.- Expediente de contratación dos servizos para a xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas. Expte. 8568/224.

#### RECURSOS HUMANOS

- 6.- Expediente de contratación da "Póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo". Expte. 31477/220.
- 7.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas, de 19 oficiais de instalacións municipais/peóns, por un período máximo de 6 meses para o Servizo de Educación. Expte. 31785/220.
- 8.- Proposta de nomeamento como funcionarios de carreira de 5 policía locais pola quenda de mobilidade horizontal con cargo ás prazas vacantes OEP 2010/2011. Expte. 32452/220.
- 9.- Aboamento de dietas do órgano de selección da OEP 2010/2011 Policía Local, mobilidade horizontal. Expte. 32449/220.

### SERVIZOS XERAIS

- 10.- Expediente de contratación das obras de humanización da rúa Coutadas (entre a rúa Santander e o paso superior sobre a AP-9), Fase 2. Expte. 79/441.
- 11.- Adxudicación da contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77”. Expte. 37/441.
- 12.- Expediente de contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética, renovación de elementos de iluminación viaria-columnas, luminarias, cadros de mando e outro material eléctrico- destinados aos servizos enerxéticos. Expte. 50730/444.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **30 de agosto de 2018, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

JRB/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez